

## **RESUMO DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 22 DE XULLO DE 2004**

Ás 10.00 horas en segunda convocatoria, na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno presidida polo Excmo. Sr. Reitor D. José María Barja Pérez, de acordo coa Orde do día que figura no **ANEXO I** e cos asistentes que se relacionan no **ANEXO II**. D<sup>a</sup>. Isabel Constela escusa a súa asistencia por acumulación de traballo ao se atopar neste momento en pleno proceso de matriculación.

### **1. INFORME DO REITOR**

O Sr. Reitor informa da aprobación dos orzamentos da Universidade no Consello Social, e dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica, quen engade que o pasado 19 de xullo de 2004 o Consello Social aprobou por unanimidade dos membros presentes o proxecto de orzamento para 2004. Cómpre salientar que no trámite de aprobación polo Consello Social da UDC este órgano introduciu unha mellora ao proxecto elevado polo Consello de Goberno, na liña de facer explícitas as orixes dos fondos incluídos no capítulo IX e de reforzar as competencias do propio Consello Social. En concreto, a mellora introducida non afecta a distribución dos créditos, nin as contías que constitúen as diferentes partidas de ingreso e gasto, nin, xa que logo, aos proxectos para o ano 2004, senón que incorpora un tratamento do capítulo IX máis avantaxoso para a UDC por canto que se posibilita a captación dunha axuda da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación (BOE nº 157, de 30 de xuño de 2004), con formato de crédito reembolsable cun tipo de xuro de aplicación do cero por cento e prazo máximo de amortización de 15. Dado que os gastos subvencionables ascenden a aproximadamente 4 millóns de euros e na convocatoria figura que se pode cubrir ata o 75 % destes gastos, coidamos que por esta vía o financiamento poderá ascender a 3 millóns de euros. O resto do volume dos pasivos financeiros unicamente se formalizaría baixo as seguintes condicións: 1) O Equipo Reitoral xustificaría a operación de endebedamento perante o Consello Social en función da evolución da execución dos ingresos e dos gastos durante o exercicio 2004. 2) O Equipo Reitoral solicitaría do Consello Social a aprobación puntual da operación, como paso previo á solicitude de autorización ao órgano competente da Xunta de Galicia. 3) Finalmente, o Equipo Reitoral concertaría a operación nas condicións máis avantaxosas posibles para a UDC. O orzamento, as bases e a memoria están na folla web da UDC.

O Sr. Vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica informa tamén que os prezos públicos para o curso 2004/2005 foron elevados polo organismo competente da Administración Autónoma un 4 % en promedio. Con data 19 de xullo, remitiuse ás Direccións dos Centros da UDC unha circular desta vicerreitoría onde se lles comunica a desconcentración do resto dos créditos do capítulo II (212.00, 220.00, 221.00, 222.00, 226.01, 229.01, 230.00) e do capítulo VI (625.00) xestionados descentralizadamente polos centros. Con esta actuación, quedan definitivamente desconcentradas a totalidade das cantidades que figuran no anexo dos orzamentos. Como xa se informou á Comisión

Económica deste Consello de Goberno, estanse facendo xestións para constituír a “Oficina de Orzamentos”. Este grupo de traballo, que terá unha composición eminentemente técnica e centrará a súa actividade no seguimento da execución orzamentaria, pode ser un instrumento de asesoramento para a Comisión Económica e, evidentemente, para este Consello de Goberno.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Profesorado, quen informa que a mesa sindical reunida o día 12 de xullo de 2004 respecto á dedicación docente e salarios das figuras de profesor contratado laboral previstas na LOU tomou os seguintes acordos conforme ao establecido nos Estatutos da UDC, no Decreto 266/2002 de 6 de setembro de contratación de profesorado universitario e no Real Decreto 1086/1989 de 28 de agosto sobre retribución de profesorado das universidades:

. Axudante:

Dedicación docente máxima de 90 horas anuais e o salario correspondente ao axudante LRU 1ª etapa, é dicir, 17.226,97 €/ano.

. Profesor Axudante Doutor:

Dedicación docente máxima de 210 horas anuais e o salario correspondente ao axudante LRU 2ª etapa, é dicir, 20.145,50 €/ano.

. Profesor colaborador:

Dedicación docente máxima de 270 horas anuais e salario correspondente ao Profesor Titular de Escola Universitaria interino, é dicir, 26.394,08 €/ano.

. Profesor contratado Doutor:

Dedicación docente máxima de 220 horas anuais e o salario correspondente ao Profesor Titular de Universidade interino, é dicir, 29.576,81 €/ano.

. Profesor Asociado P07:

Dedicación docente máxima de 210 horas anuais e salario de 17.226,97 €/ano.

Tamén informa que no día de hoxe se recibiu da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego a relación cos profesores da UDC que cumpren os requisitos para a asignación do complemento ao recoñecemento do labor docente e investigador, que, unha vez comprobados, se elevarán ao Consello Social para a súa resolución coa intención de seren aboados xunto coa nómina do mes de agosto.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Vicerreitora de Investigación, quen informa dos seguintes puntos:

- Publicación en prensa (o 19 de xullo de 2004) e proximamente no DOG da contratación por concurso público de 6 equipos por un valor total de 600.000 € obtidos na convocatoria de infraestrutura da Xunta de Galicia, tres equipos para os SXAIN e tres para o CITEEC, todos eles incluídos na concesión de equipamento de fondos FEDER publicada no BOE de 13 de agosto de 2003. Por tanto, a súa adquisición mediante esta financiación serve para contribuír á cofinanciación do 30% que corresponde á UDC neste tipo de fondos. Neste mesmo concurso saen 150 PCs para as bibliotecas.

- Na presente convocatoria de contratos Isidro Parga Pondal corresponderon nove á UDC.

- Resolveuse o concurso de tecnólogos convocado en función dun convenio coa Secretaría Xeral de I+D da Consellería de Industria e Innovación da Xunta de Galicia, que xa se incorporaron aos seus correspondentes destinos.
- Así mesmo, incorporouse aos SXAIN a nova técnico en Difractometría de Raios X.
- O día 21 de xullo asinou un convenio coa Consellería de Innovación, Industria e Comercio por un valor de 1.200.000€ para 2004-2005. A maior parte deste investimento está comprometido na cofinanciación do equipamento concedido de fondos FEDER de 13 de agosto de 2003.
- O equipo reitoral decidiu incrementar a contía dos salarios dos contratos de persoal de apoio a SXAI, que existen desde hai varios anos baseándose tamén nun convenio coa dirección Xeral de I+D (2 nos SXAIN, 1 nos SIAIN, 2 no CIT, 3 no CITEEC, 2 na OTRI, 1 no IMEDIR e 1 no Instituto de Medio Ambiente), tendo en conta que este ano o convenio o permite e que se trata na actualidade de persoal xa formado, aínda que se iniciaron como contratos en prácticas.
- Convocatoria de concurso público de méritos para a contratación de persoal investigador posdoutoral no marco do convenio de colaboración coa Dirección Xeral de I+D. Son 10 contratos (igual que o ano pasado), mais nesta convocatoria diferéncianse as renovacións (6) das novas adxudicacións (4), acumulándose ás segundas en caso de non se produciren todas as renovacións. Outra novidade importante é que o grupo de investigación ao que se incorpore a persoa contratada, unha vez resolto o concurso, pode completar a contía do contrato con cargo a proxectos ou convenios, ata o equivalente a xornada completa (dado que os contratos son de media xornada).
- Reuniuse a Comisión de Biblioteca da Universidade o 5 de xullo pasado, despois de máis de 2 anos sen se reunir, xa que a anterior reunión foi o 10 de maio de 2002. Entre outros asuntos, aprobou os criterios de reparto de créditos descentralizados a Centros e Departamentos, que son os mesmos que se veñen aplicando desde 2001. Este ano os créditos para os Departamentos son finalistas, xa que a implantación do novo programa informático de xestión bibliotecaria como consecuencia da nosa incorporación ao Consorcio BUGALICIA, cambia o módulo de adquisicións e pódense presentar problemas para a incorporación de remanentes ao próximo exercicio. Así mesmo, informouse do folleto para incluír nos sobres de matrícula para o próximo curso de presentación dos servizos e recursos bibliotecarios da UDC, elaborado por un dos grupos de traballo da Xunta Técnica de Biblioteca.
- A Comisión de Investigación na súa reunión do pasado 25 de xuño aprobou manter os criterios de reparto da produción científica de anos anteriores. Estes criterios proceden dos aprobados en Xunta de Goberno en 1993, que posteriormente sufriron cambios no referente á exclusión da organización de cursos e á inclusión de sexenios. Este ano a OTRI enviou a todos os Departamentos e Institutos o 27 de febreiro os datos da produción científica de 2000, 2001 e 2002, a fin de poderen comprobar os datos, por se houberse algún erro ou omisión. O número de correccións recibidas foi moitísimo maior do previsto, polo que é de esperar que este ano os datos sexan máis axustados, entre outras cosas porque a introdución de datos na aplicación informática se realizou desde os Departamentos e Institutos. Así mesmo, detectáronse duplicacións de méritos, que afectaron especialmente algúns Institutos, que foron subsanadas, consultando aos Directores dos Departamentos e Institutos implicados para que indicasen onde desexaban que se realizase a imputación dos méritos.

(Neste sentido, o 7 de xullo houbo unha reunión en Madrid da Sectorial da CRUE de I+D, onde están os vicerreitores de investigación a que acudiu o novo Presidente da ANECA, Prof. Francisco Marcillán. Entre outros asuntos informou de que se vai proceder á avaliación da investigación.)

- Canto ao Terceiro Ciclo, 4 programas de Doutoramento obtiveron a mención de calidade, un xa por segundo ano, e tres novos, que son

- Métodos matemáticos e simulación numérica en enxeñaría e ciencias aplicadas. Coordinador: Carlos Vázquez Cendón (xa por segundo ano consecutivo).
- Filoloxía hispánica. Coordinadora: Helena López Palma.
- Programa Interuniversitario en Tecnoloxía da información. Coordinador: Ramón Doallo Biempica.
- Programa interuniversitario en Neurociencia. Coordinador: Julián Yáñez Sánchez.

O Vicerreitorado realizará unha serie de accións para difundir estes programas de calidade, así como tratará de promover que outros programas poidan conseguir esta mención.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Estudantes, quen informa que o 15 de xullo se asinou un convenio para a creación da cátedra Fundación María José Jove-UDC, para a atención de estudantes discapacitados. Engade que dúas aulas de estudo cunha capacidade total de 600 postos no CUR estarán listas no último trimestre do ano, e que no próximo curso académico se abrirá outra de 300 prazas no Centro de Documentación e Arquivo.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor do Campus de Ferrol e relación Universidade-Empresa, quen informa da difusión da convocatoria para os viveiros de empresa, das normas de acceso e permanencia e da resolución da convocatoria.

O Sr. Reitor dá a palabra ao Sr. Vicerreitor de Calidade e Harmonización Europea, quen informa do remate da avaliación institucional, da actividade dos grupos piloto para a adaptación aos créditos ECTS, das avaliacións dos servizos e docente, do inicio da instalación do wi-fi, do desenvolvemento da oferta de Uniporta e do nomeamento de D. Manuel García Fernández como coordinador do Certicap.

O Sr. Reitor dá a palabra á Sra. Secretaria Xeral, quen informa que con data se recibiu o informe vinculante do Consello Consultivo relativo ao procedemento de revisión de oficio iniciado, que é negativo, polo que o procedemento para a cobertura da praza de profesor titular de Universidade na área de Dereito Procesual continúa a súa tramitación. Así mesmo, para contestar a un rogo presentado no último Consello, informa que, por Resolución reitoral de data 8 de xullo de 2004, se estimaron os recursos de reposición interpostos por dez profesores da E.U. de Fisioterapia, que son así admitidos no Programa de Doutoramento “Novas Tendencias e Aplicacións no Ámbito Asistencial”. Durante a semana do 12 de xullo enviáronse desde a Secretaría Xeral a todos os Decanos / Directores de centros, Directores e Xefes de Servizo un escrito informando do inicio do procedemento para elaborar unha nova RPT e

solicitando que comuniquen as necesidades e as posibilidades de mellora dos centros e servizos, dando de prazo ata o 15 de setembro. Tamén foron enviados escritos aos sindicatos con representación no Comité de Empresa e na Xunta de Persoal Funcionario para nomearen os representantes que acudirán á comisión de negociación.

## **2. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ORDINARIA, CELEBRADA O 23 DE XUÑO DE 2004**

O Sr. Varela Lafuente expón a existencia de dous erros e unha omisión na Acta, que se corríxen. O Sr. Vicerreitor de Profesorado solicita que se incorpore á Acta o acordo do Consello de Goberno relativo ao feito de nomear membros titulares dos tribunais aos tres primeiros propostos polo departamento, sempre que cumpran as condicións establecidas na normativa. Con estes cambios **apróbase** por asentimento a Acta da sesión do Consello de Goberno ordinaria do día 23 de xuño de 2004.

## **3. APROBACIÓN DE CONVENIOS**

A Secretaria Xeral informa sobre os convenios que figuran no **ANEXO III**.

Os Convenios son **aprobados** por asentimento.

## **4. LICENZAS, COMISIÓNS DE SERVIZOS E CAMBIOS DE ÁREA**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as propostas de cambio de área de D. Carlos Luis Sánchez Pérez, da área Enxeñaría do Terreo do Departamento de Tecnoloxía da Construción a área Mecánica de medios continuos e teoría de estruturas do Departamento de Tecnoloxía da Construción; e de Dna. María Isabel Martínez Lage, da área de Matemática aplicada do Departamento de Métodos matemáticos e de representación a área de Enxeñaría da Construción do Departamento de Tecnoloxía da Construción, informadas favorablemente na COAP. Tamén informa sobre a licenza solicitada por D<sup>a</sup>. Sandra María García-Garabal Mosquera, as comisións de servizos de D. Francisco Javier Gómez Abelleira e D. Joaquín Míguez Arenas, o ano sabático solicitado por D. José María Pena López, todos informados favorablemente na COAP. Informa tamén que na COAP se propón que non se concedan novas comisións de servizos unha vez esgotados os dous anos de non transcorrer, polo menos, un ano de servizo activo na UDC.

Estes cambios de área, as licenzas, incluído o ano sabático, e a comisión de servizos figuran no **ANEXO IV** son **aprobados** por asentimento.

## **5. PRAZAS DE PROFESORADO**

O Sr. Vicerreitor de Profesorado informa sobre as prazas de profesorado. En relación coas prazas de axudante, informa que é intención do equipo reitoral que a praza permita iniciar unha carreira docente, comprometéndose as áreas a liberar docencia para facilitar isto.

A proposta de prazas cuxa relación figura no **ANEXO V apróbase** por asentimento.

#### **6. PROPOSTA DE PRÓRROGA DO ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 23-10-2003 SOBRE AXUDANTES DE 1ª ETAPA**

**Apróbase** por asentimento a prórroga do acordo do Consello de Goberno de 23-10-2003 sobre axudantes de 1ª etapa, que neste momento afecta unicamente a tres persoas, co seguinte texto: os Axudantes de Universidade contratados ao abeiro do previsto no artigo 34 da LRU que non obtivesen o título de Doutor ao finalizar os dous anos de vixencia do seu contrato, após teren gozado dunha prórroga dun ano para o depósito da Tese de Doutoramento de acordo co previsto na normativa de doutorado, gozarán doutra prórroga dun ano para este fin.

#### **7. PROPOSTA DE REGULAMENTO DE USOS DO GALEGO NA UDC**

O Sr. Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación informa sobre as modificacións introducidas na proposta de regulamento de usos do galego na UDC desde o último Consello de Goberno. Ábrese un debate. O Sr. Pérez Roel le un texto e solicita que se inclúa na acta. Interveñen os Sres. Martínez Abella, Rey García, Colina Garea, García-Pita y Lastres e De Gabriel Fernández.

A proposta, que se achega no **ANEXO VII, apróbase** por 29 votos a favor, un en contra e 3 abstencións.

#### **8. PROPOSTA DE CARTA DE DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS DA BIBLIOTECA**

A Sra. Vicerreitora de Investigación informa sobre a proposta de carta de dereitos e deberes dos usuarios da biblioteca, elaborada pola Comisión técnica de biblioteca, que conta co informe positivo da Asesoría Xurídica. Ábrese un debate.

A proposta, que figura no **ANEXO VIII, apróbase** por unanimidade.

#### **9. PROPOSTA DE IMPLANTACIÓN DO SEGUNDO CICLO (4º) DE ENXEÑARÍA NAVAL E OCEÁNICA**

A Sra. Vicerreitora de Organización Académica informa sobre a proposta. Indica que na E.U. Politécnica se fixo un estudo sobre a proposta que é favorable solucionando pequenos problemas.

Despois dun breve debate, no que participan os Sres. Blanco Filgueira, Teijeiro Vidal e Varela Lafuente, a proposta, que figura no **ANEXO IX, apróbase** por asentimento.

#### **10. VALIDACIÓN DO ACTO APROBATORIO DA MODIFICACIÓN DA RPT ACORDADA NO CONSELLO DE GOBERNO DE 12 DE FEBREIRO DE 2004**

A Secretaría Xeral informa que no Consello de Goberno de 12-2-2004 se aprobou unha modificación da RPT que supón a reclasificación dunhas prazas de auxiliares administrativos en xefes de grupo e de xefes de grupo en auxiliares administrativos, así como a creación dunha praza de secretario da Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental, solicitándose despois o informe do Consello Social co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 4 i) da Lei 1/2003, de 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia. A solicitude do Consello Social, a Xefa de Servizo de Asesoría Xurídica, en escrito de data de entrada no rexistro do Consello Social de 24 de xuño de 2004, informou sobre a natureza dos informes do Consello Social, que son preceptivos, previos (aínda que nalgún caso, como o que nos ocupa, non se diga expresamente e noutros si) e non vinculantes salvo disposición expresa en contrario. Ao non ter solicitado o informe do Consello Social con carácter previo á aprobación da modificación da RPT polo Consello de Goberno o acto está viciado de anulabilidade. Consonte o previsto no artigo 67 da Lei 30/1992, a Administración poderá validar os actos anulables subsanando os vicios. O informe do Consello Social, segundo certificación do Secretario, tomouse por unanimidade e é favorable. Por todo o exposto, propónse acordar a validación do acto aprobatorio da modificación da RPT acordada no Consello de Goberno de 12 de febreiro de 2004, dándolle eficacia retroactiva á reclasificación de xefe de grupo a posto base de auxiliar administrativo desde o 12 de febreiro, e á reclasificación de posto base de auxiliar administrativo a xefe de grupo desde a data de resolución do concurso de méritos (15 de decembro de 2003), en uso da facultade prevista no artigo 57.3 da Lei 30/1992.

A proposta **apróbase** por asentimento.

## **11. ROGOS E PREGUNTAS**

Trátanse diversos temas de interés para a comunicade universitaria.

Non habendo máis asuntos que tratar, remátase a sesión ás horas.